



## PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

### INSTRUCCIÓN XERAIS

- A. O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
- B. Logo de cumprimentado, imprímalo e presénteo asinado nos Rexistros do Concello de Santiago, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.
- C. Tamén se pode remitir mediante as formas previstas no artigo 38.4 da *Lei 30/1992 de 26 de novembro*

### INSTRUCCIÓNS PARTICULARES

1. Solicitante: deberá ser:
  - a. Nos **expedientes de ocupación de vía pública**: a persoa física ou xurídica que constituía a garantía (que debe ser o titular da conta bancaria).
  - b. Nos expedientes de ingresos: o obrigado ao pagamento
  - c. Nos expedientes urbanísticos: o solicitante da licenza ou autorización
  - d. Nos expedientes contractuais: o licitador ou contratista.
2. Representante: Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia.
3. Garantía depositada para responder de: Identifique o procedemento tributario, urbanístico ou contractual para o que depositou a fianza.
  - a. Para o caso de obrigas tributarias: identifique a débeda: concepto, ano, contía e recibo/s ou número de expediente
  - b. Nas obrigas contractuais: identifique o contrato: nome e código do expediente
  - c. Nas obrigas urbanísticas: identifique o procedemento: nome e código do expediente.
4. Motivación: Expoña con claridade os motivos nos que basea a súa petición de devolución de fianza e acompañe a documentación que considere oportuna en apoio do seu pedimento.
5. Garantía: Identifique correctamente o tipo de garantía (provisoria ou definitiva), a súa forma de constitución (aval, cartos, certificado de seguro...) e, de ser o caso, a entidade avalista. Para o caso de non cumprimentar estes datos, acompañe copia do xustificante que se lle entregou no momento da constitución da garantía.  
Se a **garantía** se constituíu **en metálico**, sinala a conta para efectuarlle a devolución a través de transferencia bancaria.
6. No caso de garantía derivada da concesión de licenza urbanística, deberá aportar copia da licenza de primeira ocupación.

### INFORMACIÓN

O Concello, de acordo coa normativa administrativa (*Lei xeral tributaria, Lei do Solo de Galicia, Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, etc.*) esixe garantías para asegurar o cumprimento dunha obriga establecida legalmente. Cando esa obriga se cumpre debidamente, (extinguíase a débeda, remátase a obra e o período de garantía, remata o contrato, etc.) o interesado ten dereito a obter a devolución da garantía constituída.

### DOCUMENTACIÓN

1. No caso de que a fianza se depositara en garantía da execución de obras de urbanización: acordo de recepción das mencionadas obras.
2. No caso de que a devolución se realice a través de transferencia bancaria: certificado bancario que acredite a titularidade da conta.

### TRAMITACIÓN

1. Se a solicitude ou a documentación presentada teñen algún defecto, ou se non se presenta toda a documentación necesaria, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, arquivarase o expediente sen máis trámites.
2. Dependendo do departamento que tramite o procedemento, o expediente pode resolverse cun acordo da Xunta de Goberno Local ou Concellaría delegada da área de que se trate; este acordo notifícase ao solicitante no seu domicilio.

### NORMATIVA REGULADORA

*Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria*

*Real decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de desenvolvemento da lei 58/2003 en materia de revisión en vía administrativa.*

*Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

*Texto refundido da lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.*